



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 261

VIII legislatura

28 de xuño de 2010

Fascículo 3

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade, de devolución, formuladas ao Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

– Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 39599) [76491](#)

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 39649) [76493](#)

Emendas á totalidade, de devolución, formuladas ao Proxecto de lei de augas de Galicia.

– Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 39595) [76495](#)

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 39648) [76500](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade, de devolución, formuladas ao Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

A Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 28 de xuño de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade (un total de dúas)

– Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 39599)

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 39649)

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Emendas á totalidade, de devolución, formuladas ao Proxecto de lei de augas de Galicia.

A Mesa da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do 28 de xuño de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de augas de Galicia.

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade, de devolución (un total de dúas)

– Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 39595)

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 39648)

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2010 13:10
Nº Rexistro: 39599
Data envío: 25/06/2010 13:10:34.716

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) a iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **EMENDA Á TOTALIDADE**, con petición de devolución, ao **Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza**, fundamentada nas seguintes razóns:

1. Non hai ningunha razón obxectiva que xustifique a supresión do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI). Os argumentos que esgrime o Proxecto de lei, caen polo seu propio peso e resultan incoherentes.
2. A desaparición do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI), non vai mellorar o desenvolvemento de políticas públicas encamiñadas a eliminar as desigualdades de xénero. Moi pola contra, reduce os efectivos destinados a esta labor.
3. A desaparición do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI) elimina as garantías legais de existencia, como mínimo, dun organismo que se ocupe especificamente do tratamento das desigualdades de xénero por parte da Xunta de Galiza. Esta relevante labor ficará agora ao albor de cada goberno. En base á potestade de autoorganización, calquera goberno, pode



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2010 13:10
Nº Rexistro: 39599
Data envío: 25/06/2010 13:10:34.716

- decidir non crear ningún departamento específico que impulse e coordine as políticas públicas de igualdade.
4. Carece dunha explicación das ventaxas que supón a eliminación do SGI en relación co desenvolvemento das políticas de igualdade, nin se especifican cales é a descoordinación que se dá na actualidade.
 5. O contido deste anteproxecto é claramente regresivo, as modificacións que se fan da Lei 2/2007, de igualdade no traballo das mulleres, minguan o grao de compromiso da Xunta co impulso de medidas de conciliación no ámbito municipal.
 6. Este Proxecto de lei significa un paso atrás nas políticas de igualdade, que se encadra nunha política de retroceso neste ámbito que está a protagonizar a Xunta de Galiza.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada e Portavoz S. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 25/06/2010 13:09:07



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade**, con expresa petición de devolución, ao **“Proxecto de lei polo que suprime o organismo autónomo Servizo Galego de promoción da igualdade do home e da muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia”**, baseándose nas seguintes razóns:

Coa supresión do organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller non se logran os obxectivos de racionalidade, aforro e transversalidade nos que pretende xustificarse o proxecto de lei, ao tempo que aposta pola ambigüidade ao empregar o termo “departamento da Administración Autonómica competente en materia de igualdade”, para referirse á institución pola que serán asumidas todas as funcións, persoal, dereitos e deberes do SGI, non clarificando cal é. Facendo desaparecer tamén o reforzo que supón para as políticas de igualdade o feito de que esta recollida por lei a existencia dun organismo autónomo que as implementa.

Tampouco explica o por qué da supresión, cando os motivos que se deron para a súa creación é obvio que persisten, ao tempo que se racha coa participación da sociedade neste eido fundamental, perdéndose a vertente máis permeable e participativa que contiñan as políticas de igualdade, debido a que a supresión do SGI implica a desaparición do seu Consello, órgano colexiado, integrado por persoas de relevante prestixio en diferentes ámbitos das sociedade, e alleas á administración autonómica.

No referente ás modificacións que propoñen de varios artigos da Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, supoñen a supresión de toda referencia ao fomento da contratación para a posta en marcha das medidas municipais de conciliación, de persoas en situación de desemprego, así como da



Grupo Parlamentario

contratación preferente de mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social. O que resulta incomprensible e máis tendo en conta o actual contexto de crise económica e as alarmantes cifras de paro existentes, na que as mulleres sofren dun xeito máis virulento os efectos dela.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Así mesmo, deixa cuestións, antes recollidas na lei, a expensas do posterior desenvolvemento regulamentario, dándolle unha nova redacción máis xeneralista e optando por unha visión menos obxectiva e máis conxuntural en canto ás dotacións a dedicar no campo das políticas de igualdade, cunha confusión entre departamentos administrativos competentes en materia de igualdade e suprímese a comisión de persoas expertas que prestarían o seu asesoramento aos concellos, ao efecto de que adoptasen medidas municipais de conciliación.

Pazo do Parlamento, 25 de xuño de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/06/2010 14:11:53



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2010 12:50
Nº Rexistro: 39595
Data envío: 25/06/2010 12:50:36.059

Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través do seu portavoz e ao abeiro do artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **EMENDA Á TOTALIDADE**, con petición de devolución, ao Proxecto de lei de Augas de Galiza.

Lonxe de motivacións de carácter medioambiental, as razóns económicas son a verdadeira finalidade deste Proxecto de Lei de Augas de Galiza.

Esta lei non introduce ningún avance significativo en materia de protección ambiental, limitase a trasladar á lexislación galega obxectivos de calidade preestablecidos na lexislación estatal ou comunitaria, a reiterar delimitacións competenciais ou obrigas xa contidas noutras leis ou, no mellor dos casos, a desenvolver nominalmente os contidos mínimos dalgúns plans, pero non engade ningunha protección adicional, nin regula os principais aproveitamentos industriais da auga no noso país.

Pola contra, este PDL de Augas de Galiza, sí introduce innovacións importantes tanto en materia organizativa da Administración como en materia fiscal.

Desde o punto de vista da organización da Administración instrumental de augas, o PDL crea un novo ente, sen que fiquen claramente xustificadas a súa necesidade desde o punto de vista organizativo, nin as vantaxes que se derivarán da súa creación desde a perspectiva económica. A simple fusión dun organismo autónomo e dunha sociedade pública nun único ente non garante de por si ningunha ganancia de eficiencia, pero sí facilita a fuxida cara o dereito privado na meirande parte das



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2010 12:50
Nº Rexistro: 39595
Data envío: 25/06/2010 12:50:36.059

suas decisións, como queda plasmado no art. 10.2 do proxecto de lei, máxime si no mesmo texto se facilita o camiño inverso, permitindo que o novo ente crie outros entes instrumentais “para a mellor prestación dos servizos”, ou desenvolva unha estrutura territorial propia, tal e como se prevé no art. 17.

En contra da propaganda de austeridade que adorna todas as decisións desde o goberno é ben probabel que en pouco tempo o novo ente de lugar a estruturas administrativas de maior dimensión e mais custosas que as existentes na actualidade.

Pero a verdadeira finalidade, a causa orixinal deste PDL, como recoñece expresamente o goberno na memoria xustificativa, reside na motivación económica, no afán recadatório, ou no que, eufemisticamente, a lei denomina como política de recuperación do custe dos servizos.

Baixo ese evocador epígrafe a lei desenvolve, agora sí polo miúdo, toda unha reforma fiscal en materia de augas, que a medio prazo incrementará nun 243% a presión fiscal sobre o uso ou consumo dese ben fundamental.

O PDL crea dous novos impostos tributos regresivos, que non teñen en conta a capacidade económica dos contribuintes, cuxa aplicación vai supor incrementos desmesurados do recibo da auga, principalmente dos usuarios domésticos.

A recadación prevista pola aplicación dos dous novos tributos para o seu primeiro ano de aplicación ascende a 68,4 millóns de €, duplicando a recadación estimada do canon de saneamento para o exercicio 2010.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2010 12:50
Nº Rexistro: 39595
Data envío: 25/06/2010 12:50:36.059

A configuración da tarifa do canon da auga introduce unha falsa progresividade por canto a meirande parte da poboación se situa no tramo efectivo mais alto. Dos catro tramos previstos na tarifa do imposto, o propio goberno reconece na memoria do PDL que o cuarto apenas se vai aplicar, de feito, o goberno omite ese tramo na estimación de ingresos polo Canon da Auga. Excluído ese tramo residual, o consumo medio dos galegos situase no terceiro tramo, o tramo superior en termos reais, o que evidencia unha configuración da tarifa pensada exclusivamente en termos recadatorios.

O PDL perxudica aos usuarios domésticos, que verán incrementada exponencialmente a súa carga tributaria, e perxudica de xeito moi grave aos habitantes do medio rural.

O PDL suprime as exencións vixentes no Canon de Saneamento para os núcleos rurais de menos de 2.000 habitantes, aínda nos casos en que eses núcleos non contén nin con abastecemento público nin con rede de saneamento.

A redución da cota prevista no artigo 53 non compensa os investimentos realizados nin os custes que seguen a soportar os titulares de captacións propias ou comunitarias para poder facer efectivos os seus aproveitamentos de auga. Ademais, esa redución só se aplicará cando coincida simultaneamente a carencia dos servizos públicos de abastecemento e saneamento, en calquer outro suposto os habitantes do rural terán que soportar integramente a carga tributaria polo uso ou consumo da auga dos seus pozos.

Esta lei obriga aos titulares de captacións propias a sufragar á súa conta a instalación de contadores homologados, baixo a ameaza de seren sancionados con



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2010 12:50
Nº Rexistro: 39595
Data envío: 25/06/2010 12:50:36.059

multas de ate trinta mil euros, pero non establece prazos nin garantías para que os servizos públicos de abastecemento e saneamento cheguen a toda a poboación.


Este proxecto de lei sanciona a “apertura de pozos e a instalación neles de instrumentos para a extracción de augas subterráneas”, pero non establece ningún réxime transitorio, nin ningún procedemento para regularizar a inmensa maioría dos pozos existentes hoxe en día no medio rural, que carecen de autorización.

O canon da auga e o coeficiente de vertido que se crean por medio desta lei van ter os mesmos efectos sobre a actividade económica que a proxectada suba do IVA para o mes de xullo deste ano, á que ademais se acumularán. A redución da renda dispoñíbel das familias afectará ao consumo, presionando á baixa a demanda agregada, o que dificultará aínda mais a recuperación económica.

No BNG consideramos que estes dous novos tributos contribuen a un reparto cada vez menos equitativo da carga tributaria, e a configurar un sistema fiscal a cada paso mais regresivo, pero, sobre todo, consideramos que este non é o momento para incrementar de xeito exponencial a presión fiscal sobre o conxunto da poboación, sen ter en conta as súas condicións sociais e laborais nin a súa capacidade económica.

É por eso que formulamos a presente emenda de totalidade ao Proxecto de Lei de Augas de Galiza, con petición de devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 25 de Xuño de 2010.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2010 12:50
Nº Rexistro: 39595
Data envío: 25/06/2010 12:50:36.059

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 25/06/2010 12:49:53



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade**, con petición de devolución, ao Proxecto de lei de augas de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O texto debe ser devolto polas seguintes razóns:

Este Proxecto de lei que nos presenta o Goberno de Galicia non se compadece co seu título porque para ser unha auténtica Lei de Augas de Galicia debería ordenar todos os usos da auga, cuestión que en absoluto se cumpre.

Este Proxecto esquece as especificidades de Galicia, a nosa relación cultural coa auga e os usos da mesma e a xestión que durante décadas se ven facendo da auga por parte de milleiros de cidadáns que viven no rural de Galicia, as traídas veciñais que co seu esforzo manteñen unha rede de abastecemento nas aldeas do rural en substitución dunha administración que non se ocupou nin preocupou por garantir o acceso á auga de calidade do conxunto da cidadanía de Galicia.

A oportunidade de elaborar un Proxecto de lei sobre a auga é desaproveitada polo actual goberno de Galicia para regular e ordenar a confusa e diversa fiscalidade sobre este recurso natural. Non houbo nin hai vontade política por parte do goberno de Galicia para establecer un diálogo con outras administracións tanto a local como a estatal para establecer unha fiscalidade progresiva e equitativa, onde toda a cidadanía que teña acceso á auga pague o mesmo en todos os territorios, independentemente de si a conca que os regula pertence á Comunidade Autónoma de Galicia ou ao Goberno de España.

O proxecto obvia moitos dos aspectos da lexislación existente que ten a obriga de incorporar como a Directiva Marco da Auga e a lexislación estatal, entre outros non contempla:

- A utilización sostible dos recursos hídricos.
- A necesidade de protección e mellora dos sistemas acuáticos.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- A protección do recurso auga.
- A prevención e redución da contaminación e en xeral a protección do medio ambiente.
- Tampouco se regulan só se fan leves referencias as situacións de enchentas ou secas nin a necesidade de levar a cabo tarefas preventivas nestes campos, sobor de todo tendo en conta as graves inundacións que partes do territorio galego teñen sufrido nos últimos anos así como a aparición de casos puntuais de seca que se teñen dado e eran impensables anos atrás en Galicia.
- Non se fai referencia ás zonas inundables nin as zonas protexidas
- Falta unha regulación relativa ó rego, onde se garanta unha xestión eficiente e sostible do mesmo.
- Tampouco están contempladas previsións en materia de augas subterráneas nin a reutilización do recurso.

A auga é un recurso natural imprescindible para a vida, o desenvolvemento humano e para o mantemento dos ecosistemas. Un recurso con valor económico, social e ambiental. Económico como recurso “escaso” que pode servir para xerar riqueza a través dos seus diferentes usos e aplicacións. Social, como recurso imprescindible para a vida humana e o desenvolvemento das poboacións e Ambiental como recurso natural, xa que a calidade da auga inflúe directamente na situación, evolución e conservación dos ecosistemas naturais.

Garantir o cumprimento da Directiva Marco da Auga implica asumir esta concepción do recurso e, en particular, garantir a sostibilidade ambiental, a eficiencia de todos os usos da auga, a racionalidade económica e a participación pública (nos termos establecidos na DMA e na demais lexislación vixente).

Pola contra este Proxecto de lei non asume o novo modelo de xestión da DMA, que implica o recoñecemento dun recurso “limitado”, cuxa xestión se basea na demanda, mellorando a eficiencia do uso dos recursos hídricos, reducindo o consumo e incentivando o aforro da auga.



Grupo Parlamentario

Este proxecto atende a fórmulas e criterios da xestión da oferta e basease nunha política de infraestruturas e recaudatoria para sufragar esas infraestruturas. Só se preocupa de maneira destacada da creación do ente Augas de Galicia e dos aspectos recadatorios.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O CES no apartado da creación deste novo ente considera que non se xustifica a oportunidade de creación, das razóns da elección da forma xurídica, das vantaxes que poida supoñer e cree que o texto debería garantir a prevalencia do dereito público, incluída a súa aplicación á regulación do persoal.

Esta lei en definitiva, só ten un obxectivo contrastado: recadar máis, subir o prezo da auga para o conxunto da cidadanía.

A aparición deste novo canon da auga suporá nalgún dos tramos incrementos do 140% respecto do prezo actual. Noutros o prezo da auga en Galicia se equipara ao prezo de auga de desaladora no Levante de España.

Este canon se establece ademais sen contar cos gobernos locais, co total desacordo dos concellos que terán que aplicar despois este canón ao conxunto da cidadanía. Pretende cercenar a autonomía local e as competencias que teñen asumidas os concellos.

O CES di no ditame que fai sobre esta lei respecto do novo “canon da auga” en termos literais: “...Compre unha reflexión sobre a oportunidade de incrementar a presión impositiva sobre a cidadanía, familias e empresas, na conxuntura actual de crise económica...”

Os concellos a través da Fegamp chegan incluso a nomear a esta lei, nalgunha da reflexións conxuntas feitas como a “Lei de ordenación tributaria e administrativa dos servizos de saneamento e abastecemento”

A pesares desta reflexión e do desacordo dos concellos o Goberno empeñase en traer ao Parlamento un proxecto de Lei rexeitado e co que se pretenden establecer vellas receitas como novas.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno pretende facer crer ao conxunto da opinión pública que neste canón se paga por vez primeira en función da auga consumida, pero esta afirmación é falsa posto que no canon de saneamento existente xa se paga en función do m³ consumido e se fixa o prezo cada ano nos orzamentos da Xunta. **Na actualidade pagamos para usos domésticos 0,209 euros/m³, pola auga en Galicia.**

Tamén é falsa a afirmación de que haxa por vez primeira tarifas reducidas para as familias numerosas, porque na actualidade xa as familias numerosas teñen unha bonificación do 50%.

E por último, respecto da fiscalidade asoma de novo a vella receita semellando ser nova. Xa nas vixentes leis dos anos 93 e 2001 se vinculaba o canón ós investimentos en obras hidráulicas e o resultado está á vista. Galicia incumpriu sistematicamente as directivas comunitarias de calidade de augas residuais e de calidade de augas para a cría de moluscos con sancións dos tribunais comunitarios.

Pazo do Parlamento, 25 de xuño de 2010

Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/06/2010 14:11:02



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727